

INTRODUCCIÓN.....	3
PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	4
XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....	4
CONTEXTO LEXISLATIVO.....	4
O CENTRO E SEU ENTORNO.....	6
IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.....	7
Procedemento para derivar alumnado ao departamento de orientación.....	8
OBXECTIVOS DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	9
ACTUACIÓN E MEDIDAS E PROGRAMAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE NO NOSO CENTRO.....	10
Medidas ordinarias.....	10
Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.....	10
Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. Tendo en conta os principios de Deseño Universal d Aprendizaxe.....	10
Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.....	11
Aula de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.....	11
Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.....	11
O PAT e o POAP.....	11
Programas de enriquecemento curricular.....	11
Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.....	12
Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar....	12
Programas específicos personalizados para alumnado de ESO que permaneza un ano mais no mesmo curso.....	12
Programas de habilidades sociais.....	12
Medidas extraordinarias.....	13
Exención de 2ª lingua estranxeira.....	13

Adaptacións curriculares.....	13
Agrupamentos flexibles.....	13
Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe...	13
Flexibilización do período de escolarización.....	14
Programas de diversificación curricular.....	15
Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.:	15
DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.....	16
ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.....	18
MECANISMOS DE COORDINACIÓN Y COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OTRAS ETAPAS EDUCATIVAS.....	20
CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS, TITORES E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.....	20
PROTOCOLOS DE SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	21
Exención da 2ª Lingua Estranxeira Protocolo de actuación.....	21
Grupos de Adquisición de Linguas.....	22
Apoio do Profesorado de PT e AL.....	22
Protocolo de elaboración das adaptacións curriculares.....	22
PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	24

INTRODUCCIÓN

A diversidade non é unha situación excepcional, nin no noso centro nin no noso entorno, senón que é unha realidade presente na sociedade e por supostos nos diferentes centros educativos.

Por parte do noso centro pretendemos dar unha resposta educativa a esta diversidade e un primeiro paso e recoñecer a diversidade nas nosas aulas, diversidade que ten a súa orixe en diversos aspectos relacionados cos factores económicos, sociais, culturais, étnicos, ademais das diferentes capacidades intelectuais, psíquicas, físicas e sensoriais dos nosos alumnos.

O presente Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a atención a diversidade a que se refire os capítulos I e II da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, nel concretaremos todas as actuacións e medidas de atención a diversidade deseñadas para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade no noso alumnado.

Estas medidas serán de carácter ordinario cando non se necesite alterar significativamente o currículo prescriptivo e irán dirixidas a aqueles alumnos con diferenzas na súa motivación, intereses, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están deseñadas para facilitar a consecución dos obxectivos das diferentes ensinanzas.

Por outra banda hai unha serie de medidas extraordinarias que irán dirixidas a dar resposta as necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario.

O centro tratará de esgotar e salientar as medidas de carácter ordinario e normalizador, unha vez esgotadas estas pasaranse as extraordinarias.

O presente Plan pretende ser un Plan INTEGRAL, é dicir, abarca a tódolos alumnos do centro resaltando as medidas a tomar con aqueles alumnos que teñen algunha necesidade de apoio educativo, por outra banda trátase dun proxecto INTEGRADOR sendo responsabilidade de tódolos profesionais do centro a súa execución. Rexeráse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade e promoción da convivencia.

PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A elaboración do presente Plan xeral de atención a diversidade é competencia do departamento de orientación de acordo as directrices da comisión de coordinación pedagóxica e as achegas dos distintos equipos ou departamentos.

A súa aprobación compete ao consello escolar, logo da proposta do claustro do profesorado. Unha vez aprobado o Plan xeral de atención á diversidade pasará a formar parte do proxecto educativo de centro.

Cada curso escolar o Departamento de Orientación fará unha proposta de concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade elaborada polo departamento de orientación do CPR Plurilingüe Valle Inclán 1 para a súa incorporación á programación xeral anual.

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

CONTEXTO LEXISLATIVO

O contexto lexislativo está actualizado pero considerouse oportuno sinalar a lexislación derogada.

LOMLOE. Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

LOE. Texto **consolidado** da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, coas modificacións da LOMLOE.

ORDE do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. DERROGADA

[DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.](#)

[DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.](#)

ORDE do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización. DERROGADA

ORDE do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. DERROGADA

DECRETO 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

LEI 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

ORDE do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais. DERROGADA

ORDE do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro. DERROGADA

REAL DECRETO 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.

RESOLUCIÓN do 22 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.

CIRCULAR 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

CIRCULAR 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación..

PROTOCOLOS CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

- Protocolo de acoso escolar e ciberacoso
- Protocolo de atención educativa ao alumnado con discapacidade educativa
- Protocolo intervención dislexia e outras dificultades específicas
- Actuación en casos de violencia de xénero
- Protocolo de derivación a unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil
- Protocolo de atención educativa domiciliaria
- Protocolo de TDAH
- Protocolo de protección de datos
- Protocolo intervención altas capacidades
- Protocolo TEA
- Protocolo síndrome Down ou discapacidade intelectual
- Protocolo de identidade de xénero
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidades crónicas
- Protocolo Diabetes
- Protocolo risco suicida

Todos estes protocolos pódense consultar en: <https://www.edu.xunta.gal/portal>

O CENTRO E SEU ENTORNO

O CPR Valle Inclán 1 é un centro concertado que se encontra no barrio de Serantes (Ferrol) na estrada de Xoane 170-172. A realidade socioeconómica da zona vese moi afectada polos efectos da crise. Un tema a resaltar é o descenso da poboación durante os últimos anos en Ferrol, con datos do 2021 a poboación é de 64.785 habitantes, todo isto repercute na baixada da matrícula nos centros educativos. As familias dos nosos alumnos son de clase media e media-baixa. Tamén hai unhas poucas familias con situacións económicas moi precarias.

O nivel cultural do entorno é tamén medio é medio baixo cunha porcentaxe de familias pouco interesadas no desenvolvemento educativo dos seus fillos.

Os nosos alumnos soen pertencer o barrio, sendo poucos os que se desprazan de zonas limítrofes. As idades van desde os tres anos hasta os 16 maioritariamente e soen iniciar e terminar os seus estudos no centro. A porcentaxe de abandono escolar é moi baixa, a gran maioría deles soe titular, os que non conseguen os obxectivos da etapa optan en xeral por outra alternativa de formación, como é a FP Básica.

No centro existe diversidade de capacidades, intereses e necesidades. Hai clases con alumnos de altas expectativas pero tamén un número importante de necesidades educativas sobre todo nos primeiros cursos da ESO.

A oferta educativa do centro é a seguinte :

2º Ciclo de Educación Infantil: 3 aulas liña 1, 38 alumnos-as, 23 nenos e 15 nenas.

Educación Primaria: 6 aulas, liña 1, 75 alumnos-as ,45 alumnos e 30 alumnas.

ESO: 4 aulas, liña 1, 56 alumnos, 31 alumnos e 25 alumnas.

Non soe haber absentismo escolar. Cando isto ocorre ponse en marcha o protocolo de actuación sobre absentismo escolar.

IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

Segundo o artigo 6 da orde do 8 de setembro do 2021 enténdese por alumnado con necesidades específicas de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por trastorno madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situacións de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

No artigo 7 sobre alumnado con necesidades educativas especiais o define como aqueles/as que afrontan barreiras que limiten o seu acceso, a súa perseveranza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida a través da persoa titora.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Nunha primeira fase teremos que partir dunhas serie de probas diagnósticas para concretar cales son as necesidades do centro, e concretar que alumnos van a necesitar determinados tipo de apoio.

Para identificar estas necesidades deberemos partir da documentación do centro, é dicir, unha análise da Memoria Xeral Anual de Centro, dos expedientes académicos e informes dos alumnos e dos diferentes informes psicopedagóxicos se os houbera.

Unha vez clarificadas as necesidades presentadas estableceranse os criterios de adecuación que serán elaborados pola PT, AL, titor, profesor de área e profesor de apoio, asesorados polo Departamento de Orientación.

En momentos puntuais ao longo do curso se incorporan novas medidas si se perciben novas necesidades.

Por último, ao finalizar o curso avalíaranse os resultados acadados para deixar unha planificación para o vindeiro curso.

Procedemento para derivar alumnado ao departamento de orientación.

En función dos resultados da avaliación inicial e da continua , cando un titor ou profesor detecte unhas necesidades nun determinado alumno ou grupo de alumnos, deberá tomar medidas ordinarias de atención as súas necesidades; se estas medidas non foran suficientes calquera profesor ou a xunta de profesores, a través do titor/a, deberá solicitar , por escrito, a intervención do departamento de orientación . A tal efecto proporcionaráselles ós profesores modelos de solicitude onde poidan aportar datos significativos para o estudo do caso. O departamento de orientación estudará as solicitudes presentadas para realizar a avaliación psicopedagóxica correspondente, redactando unha proposta coas medidas de atención á diversidade, que poidan ser as máis axeitadas para atender esas necesidades. Esta proposta resumirase nun informe do departamento de orientación, do que se informara ao titor/a e

ás familias para que , en colaboración co propio departamento, se poñan en marcha as medidas de atención para atender esas necesidades.

A derivación ó Departamento de Orientación sempre será obrigatoria cando se requira a avaliación psicopedagóxica do alumno/a, tal como recolle a normativa vixente. (Ditames de Escolarización, Adaptación Curricular Individualizada, Programa de Diversificación Curricular, Flexibilización da Escolaridade, FPB)

Cando o considere necesario a xefa do departamento de orientación poderá solicitar a intervención do Equipo de Orientación Específico.

OBXECTIVOS DO PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

- Que o plan de atención a diversidade sirva de guía para planificar priorizar e organizar os apoios dos que dispoñe o centro e axustalos da forma máis oportuna para atender as necesidades individuais e grupais.
- Promover unha atención integral e personalizada baseada no respecto e nunha actitude próxima e acolledora.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.
- Desenvolver programas de prevención.
- Atender os aspectos cognitivos e socio-afectivos, promovendo o desenvolvemento dunha autoestima saudable e respecto aos demais.
- Atender a diversidade do noso alumnado con atención personalizada ás necesidades de cada alumno, priorizando as medidas de carácter ordinario e normalizador.
- Atender desde os equipos de Coordinación Pedagóxica que tódolos alumnos independentemente do nivel de competencia curricular estean traballando as competencias básicas.
- Dar respostas axeitadas aos tres ámbitos:
De desenvolvemento persoal e social
Desenvolvemento cognitivo e competencias básicas
Mellora da convivencia
- Establecer canles de colaboración e coordinación entre os diversos profesionais que interveñen co alumnado para lograr unha reflexión conxunta e unha planificación e toma de decisións compartida.
- Potenciar medidas de prevención do fracaso escolar e o absentismo escolar, así como procurar que os alumnos acaden os obxectivos para acceder á titulación do Graduado en ESO.
- Potenciar a coordinación cos recursos do sector (servizos socioeducativos dependentes do concello, Centros de Saúde, Saúde mental infantil, EOE, etc).
- Favorecer unha actitude positiva nas familias cara a diversidade, abrindo liñas que favorezan a relación entre o centro e as familias.

- Asesorar ás familias sobre pautas educativas así como dos recursos sociais, sanitarios, etc. que permitan unha maior atención á diversidade.
- Establecer medidas de avaliación do Plan e identificar aqueles puntos que poden mellorar nos seguintes cursos.

ACTUACIÓN E MEDIDAS E PROGRAMAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE NO NOSO CENTRO.

No centro levaranse a cabo dous tipos de medida para dar resposta ás necesidades educativas:

Medidas ordinarias

De conformidade co artigo 8 do Decreto 229/2011 do 7 de decembro, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. As medidas ordinarias non necesitan autorización especial e non e preciso informe orientación e as deciden os departamentos, a dirección do centro e o equipo docente

Coa finalidade de ter unha estrutura organizativa con visión inclusiva, de equidade e de optimización dos recursos, establécense criterios relacionados con:

Elaboración dos horarios do alumnado (noso centro ao tratarse de liña 1 os agrupamentos practicamente xa están establecidos pero deben procurar a promoción de convivencia e non discriminación).

Asignación das titorías: Dentro do claustro serán aprobados tendo en conta criterios pedagóxicos.

Agrupamento do alumnado

Distribución das aulas unidades es dos espazos procurando a participación de todo o alumnado, que poidan ter acceso a todos os recursos e todo aquilo que favoreza a convivencia e a aprendizaxe compartida. Facilitarase a organización flexible da aula.

Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

Teñen en conta o estilo pedagóxico do noso centro tendo sempre en conta a inclusión, a diversidade, a colaboración e a relación co entorno e as diferentes institucións. O profesorado adaptará a programación a cada grupo de alumnos podendo levar a cabo medidas de tipo ordinario.

Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. Tendo en conta os principios de Deseño Universal d Aprendizaxe.

Estas metodoloxías aparecen definidas no noso proxecto educativo e nas diferentes programacións didácticas dos departamentos introducindo os axustes necesarios a realidade de cada alumno e alumna, utilizando distintas estratexias de traballo colaborativos, como grupos heteroxéneos, aprendizaxes por proxectos etc.

Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

O profesorado adoptará os tempos, os instrumentos, e os procedementos de avaliación da materia que imparta ao seu alumnado con consideración especial no caso de ACNEAE. Isto reflíctese na secuenciación das tarefas, a verificación da súa comprensión. O profesorado irá informando sobre o grao de desempeño comparando o producido polo agardado.

Aula de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

Na aula de convivencia atenden temporalmente, o alumnado que pola súa conduta inadecuada, impide o normal desenvolvemento do traballo, terá que ir sempre con tarefas que non excedan o tempo de permanezan e será o profesor que remita ao alumnado o encargado de proporcionarlas. Dita aula estará atendida polo profesorado de garda que será o encargado do rexistro.

Ademais deberá desenvolver un programa de habilidades sociais.

A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, os motivos quen o derivou e manterá as familias informadas.

A realidade é que nos últimos tempos recurriuse poucas veces a dita medida procurando incorporar ao alumno na maior brevedade á aula ordinaria.

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Esta medida afecta á secuencia, aos contidos, ás formas, aos instrumentos de avaliación, metodoloxía e á propia organización das aulas. As organiza o profesor de área e informará ao titor/a e a xefatura de estudos. Estas medidas realizaranse na aula ordinaria e poden contar coa colaboración do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Estas medidas aparecerán reflectidas nos documentos oficiais e ao finalizar o curso o profesorado elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo segundo modelo elaborado polo departamento de orientación

O PAT e o POAP

Son dous recursos de atención a diversidade para poder coñecer ao noso alumnado e poder dispoñer dos recursos para a súa atención e permitirá tamén ao alumnado da ESO analizar e valorar de xeito progresivo os seus intereses e os itinerarios máis axeitados. Ao finalizar cada un dos cursos da ESO elaborárase un consello orientador por parte dos titores/as e a orientadora sobre os itinerarios e estudos posteriores

Programas de enriquecemento curricular.

Destinado ao alumnado que presenta altas capacidades, será o equipo docente quen os desenvolva co asesoramento do departamento de orientación., consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase. Teñen a vantaxe evidente de non producir consecuencias negativas na súa socialización.. A día de hoxe recoméndase optar por axustes no programa ordinario, é dicir, por adaptacións do currículo que se acomoden ás súas necesidades concretas de aprendizaxe e desenvolvemento e que serán tanto máis significativas canto maiores sexan esas necesidades educativas. Como todas as medidas de adaptación curricular, deben ser establecidas como un continuo que vai desde as medidas máis xerais nos documentos do centro, pasando polas adaptacións da aula (na metodoloxía, nos materiais, nos agrupamentos, etc.) ata chegar á adaptación curricular individualizada, que está suxeita a unha regulación específica establecida na nosa normativa. Na elaboración das adaptacións curriculares individuais de alumnado con sobredotación, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias: 1. As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas. 2. A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden

Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso

Ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a cabo esa repetición, o elabora o equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor e desenvólvese ao longo de todo o curso. En cada sesión de avaliación farase seguimento do Plan e de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan.

Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar

No relativo á recuperación das materias pendentes, serán os Xefes/as de cada Departamento Didáctico quen especifiquen nas súas Programacións as medidas e metodoloxía que se empregará para favorecer a recuperación das mesmas. Seguerán o anexo adxuntado pola Consellería.

Programas específicos personalizados para alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.**Programas de habilidades sociais.**

As habilidades sociais son o conxunto de procesos cognitivos, socioafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva. Estas actuacións desenvolveranse en todas as áreas, materias, ámbitos ou módulos e terán a consideración de elementos transversais do currículo. O programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor que procurará implicar ao resto do profesorado polo Departamento de orientación, algúns destes programas poden vir de recursos alleos ao centro como pode ser o Plan director ou outros organizados polo Concello, por exemplo.

Temas a tratar nestes programas de habilidades sociais sería: tolerancia, autocrítica constructiva, resolución de conflitos, empatía, escoita activa, autoestima, etc.

Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención a diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, polo tanto poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e supoñen cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Estas medidas extraordinarias serán aplicadas unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficiente.

Estas medidas extraordinarias necesitan da autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, cun informe xustificativo do Servizo de Orientación.

Dentro do noso centro aplícanse as seguintes medidas extraordinarias:

Exención de 2ª lingua estranxeira

Dirixida aos alumnos de 1º e 2º da ESO que presentan dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas. Toda a documentación da proposta quedará gardada no expediente do alumnado e aparecerá nos documentos como exento/a.

Adaptacións curriculares supoñen a modificación, a ampliación a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescriptivos do currículo. Elaboraranse previo informe psicopedagóxico. O deseño e o desenvolvemento da ACI correspóndelle ao profesorado da materia.

Agrupamentos flexibles (Dadas as características do noso centro non parece adecuada polo momento)

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe.

Enténdese como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente atenda outro alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario nas etapas de Educación Infantil, educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

Funcións:

Colaborar coa xefatura do departamento de Orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

Prestar atención docente directa ao alumnado indicado segundo a proposta de distribución da docencia realizada pola xefatura do Departamento de Orientación.

Elaborar o programa de intervención segundo as directrices do Plan Xeral de atención á Diversidade.

Procedemento de elaboración dos horarios de PT e AL:

Segundo marca a lexislación vixente, a xefatura do Departamento de Orientación elaborará a proposta de organización de horarios de apoio que trasladará á xefatura de estudos. O Departamento de orientación decidirá os destinatarios do apoio, a modalidade (dentro ou fora) que se levará a cabo en virtude das necesidades detectadas e dos recursos dispoñibles.

A elaboración dos horarios serán provisionais no mes de setembro.

Flexibilización do período de escolarización. Consiste na redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou con necesidades educativas especiais.

REDUCCIÓN

EI: Con acreditación de altas capacidades , poderá comezar a EP no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade.

EP: Redución dun ano escolar, independentemente de que se reducise ou non a súa permanencia en EI, para o alumnado con acreditación de altas capacidades. Farase con carácter xeral, o segundo curso do ciclo de xeito que o alumnado que reduce a duración poida realizar o novo ciclo completo.

ESO: Redución dun ano escolar, independentemente de que se reducise ou non a súa permanencia nas etapas anteriores, para o alumnado con acreditación de altas capacidades. Non poderá afectar o derradeiro curso desa etapa.

O procedemento para se acoller a flexibilización por redución do período de escolarización nas diferentes etapas queda recollida no artigo 58 apartado 3 da orde do 8 de setembro de 2021.

AMPLIACIÓN

EI: Para alumnado con necesidades educativas especiais, non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A incorporación realizarase ao primeiro curso do segundo ciclo

EP: Ampliación dun curso escolar, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa.

ESO: Ampliación dun curso escolar, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos dezanove anos de idade, no caso de centros ordinarios ou dos vinte no caso de unidades de educación especial a tempo completo feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa.

Programas de diversificación curricular

Consisten nunha modificación e adaptación do currículo desde o terceiro curso de ESO e están orientados á consecución do título de graduado de ESO por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa.

O alumnado destinatario desta medida extraordinaria deberá cumprir, simultaneamente os requisitos:

- Ser ACNEAE con dificultades de aprendizaxe.
- Ter sido obxecto doutras medidas de atención a diversidade sen que estas resultasen efectivas.
- Atoparse en risco de non acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes cursando o currículo ordinario.
- Contar con expectativas razoables de obter o título de graduado en ESO coa incorporación a este programa.

Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.:

Alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente por prescripción médica, doenza, vulnerabilidade propia, ou por permanecer nun centro hospitalario.

Atención educativa domiciliaria por permanecer convalescente no domicilio por un período de tempo superior a un mes o que padeza unha doenza crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis o máis días continuados ao mes.

A organización e a supervisión da atención educativa domiciliaria sserán realizadas polo servizo territorial de Inspección Educativa.

Atención educativa hospitalaria .

Atención educativa virtual.

Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.

Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.

Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e ou /acoso escolar.

Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.

Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.

Grupos de adquisición de linguas.

Grupos de adaptación da competencia curricular.

Atención educativa a mozas embarazadas.

Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.

A súa escolarización realizarase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral; este alumno será considerado como alumno de necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historial escolar. No centro adoptaremos as medidas de atención a diversidade que procedan para asegurar o seu proceso educativo.

Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero ou acoso escolar, nos casos que sexa necesario garantirase a escolarización a inclusión e normalización de dito alumnado.

DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

A Consellería entende que a distribución equitativa dos recursos son un dereito do alumnado, entre eses recursos están:

Recursos materiais

No centro contamos con diferente equipamento para atender as necesidades educativas dos alumnos, entre eles considérase a accesibilidade, as instalacións e dependencias. A Consellería dota de servizos materiais adaptados ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo a través de diferentes axudas solicitadas pola dirección do centro.

O centro supervisará o uso que se fai de ditos servizos materiais e serán supervisados polo Departamento de Orientación.

Recursos profesionais

O noso centro conta cos profesionais especializados para atender as necesidades dos alumnos.

A proposta de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista de PT e AL realizarase segundo o artigo 57 da orde do 26 de outubro. Entre outros profesionais para atender a diversidade considérase o persoal auxiliar coidador que está pendente de incorporación este curso tendo en conta as necesidades en EI.

As familias considéranse un recurso máis no que representa o desenvolvemento integral do alumnado e deberán colaborar na súa autonomía e esforzo e por parte do centro asesorarase aos pais e nais na labor educativa, sobre todo en EI.

A nivel organizativo teremos en conta que toda intervención por parte do profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe vai precedida pola avaliación psicopedagóxica do Departamento de Orientación, tanto en Primaria como en Secundaria.

Esta avaliación consistirá nun proceso sistemático de recollida, análise e valoración de información relevante do alumno no seu contexto escolar, familiar etc. Ten como finalidade identificar as necesidades educativas e fundamentar as correspondentes propostas e decisións. Os resultados recolleranse no informe pertinente.

Dentro dos criterios establecidos para a organización e distribución dos recursos determinamos os seguintes:

Art. 38 DECRETO 229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación. A proposta da organización da atención a diversidade por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e no seu caso de outros profesionais específicos será realizada pola Xefatura do Departamento de Orientación de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención a Diversidade coa participación do profesorado de PT e de AL.

Criterios de dispoñibilidade horaria:

A orientadora no noso centro dispón de 16 horas semanais, 4 horas para cada un dos cursos da ESO. Non temos orientadora de Primaria.

As horas dispoñibles para PT e AL son 24, 9 para PT e 15 para AL. É importante recalcar que a profesora de AL conta ademais de 10 horas de dispoñibilidade horaria que na actualidade tendo en conta as necesidades dedícanse para atención á diversidade.

Na distribución dos alumnos procurarase non entorpecer a integración destes alumnos naqueles áreas que poidan seguir co grupo, ou en aqueles materias que lle resulten gratificantes e favorezan a súa integración social.

No horario contéplase un tempo destinado a elaboración e reprodución de material, revisión de ACI, coordinación co profesorado, etc

Os apoios dirixiranse, fundamentalmente, á adquisición das aprendizaxes instrumentais de lingua e matemáticas. Teranse en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade e nunca en educación física, plástica ou música.

O apoio especializado realizarase con carácter xeral na aula ordinaria, aínda que dado a falta de horario dos especialistas en determinados casos farase fóra do aula cando acudan alumnos de distintas aulas nunha mesma sesión, tamén para aqueles alumnos co descoñecemento das linguas ou alumno da ESO que non domine as técnicas instrumentais básicas.

En calquera caso, os apoios fóra da aula nunca poderán exceder a terceira parte da xornada lectiva xa que a permanencia do alumnado co seu grupo garantirá a integración e outras aprendizaxes non académicas.

O centro deixa aberto os momentos de detección unha vez comezado o curso, podéndose facer derivacións en calquera momento. De todas formas é importante que todo o profesorado teña claro como vaise realizar dita detección.

ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

Titor/a e equipo de profesorado:

- Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado.
- Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.
- Coordinar coa xefa do departamento de orientación a intervención educativa do alumnado que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinar co demais profesorado do grupo o axuste dos programas, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.
- Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos e fillas.

Profesorado de apoio PT e AL:

- Participar na avaliación inicial do alumnado, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar, xunto coa xefa do departamento de orientación e o/a titor/a, na organización da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, segundo o establecido na proposta do informe da orientadora do centro.
- Axudar ao profesorado da materia e/ou titor/a na identificación de posibles necesidades educativas do seu grupo.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade.
- Colaborar na metodoloxía e avaliación a seguir co alumnado con dificultades.
- Participar na elaboración de material para traballar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Participar, de ser necesario, co titor/a nas reunións coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Orientadora:

- Participar na avaliación psicopedagóxica daquel alumnado que fose derivado polo profesorado e/ou nais, pais ou titores e titoras legais, a través do protocolo de derivación; así como realizar o informe psicopedagóxico no que se recolla, analice e valore a información recollida no proceso da avaliación psicopedagóxica
- Diseñar e elaborar os protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica, e dalos a coñecer á comunidade educativa
- Elaborar o correspondente ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.
- Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista, coa participación do profesorado tutor do alumnado e do propio profesorado de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe.
- Elevar esta proposta á xefatura de estudos. Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Asesorar aos departamentos didácticos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Coordinar as actuacións levadas a cabo polo profesorado do centro así como dos profesionais de fóra do centro que interveñan na atención do alumnado con necesidade específicas de apoio educativo.

Equipo Directivo:

- Dispoñer e pór en marcha as medidas de atención á diversidade adecuadas ás necesidades detectadas e aos recursos dispoñibles.
- Coordinar todas as actuacións previstas, xunto co resto do profesorado, tendo en conta o establecido na proposta de concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Velar polo cumprimento de tódalas actuacións establecidas neste Plan.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS

A coordinación de todas as actuacións referidas á atención a diversidade correspóndelle ao equipo directivo.

O Departamento de orientación, o claustro de profesores e os diferentes departamentos didácticos realizarán o seguimento individualizado do alumnado para determinar a efectividade das medidas, isto farase nas diferentes reunións programadas ao longo do curso.

Ao tratarse dun centro pequeno as actividades de coordinación son bastante fluidas por parte do Departamento de Orientación intercambiando información acerca dos alumnos escolarizados en as diferentes etapas, para poder consensuar liñas de actuación.

Pero os momentos destacados son:

- Reunións do Departamento de Orientación.
- Xuntas de avaliación inicial e trimestrais.
- Reunión dos departamentos.
- Claustros de profesorado.
- Reunións de coordinación .

O Plan Xeral de atención á diversidade foi posto en coñecemento de todo o claustro por parte do Departamento de orientación onde se informou de todas as novidades a nivel legislativo e de procedemento.

CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS, TITORES E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

A colaboración será continua ao longo do curso a través dos titores, que informarán sobre a evolución e as decisións adoptadas así como para pedir ou compartir a documentación necesaria.

As familias poderán solicitar reunións cos profesores e a orientadora co fin de obter información específica.

O titor/a será o primeiro e máis directo axente de colaboración entre a familia e o centro educativo, tanto para o alumnado en xeral como para aqueles rapaces que presenten necesidades educativas especiais. Ademais, no caso de alumnos con dificultades o orientador/a tamén será un referente fundamental para coordinar todo o proceso de atención a

este alumnado. Calquera familia que o desexe pode solicitar unha entrevista individual, previa cita, co orientador/a do centro.

Dende inicio de curso haberá xornadas de aollida para pais e outras xuntanzas grupais entre titor e/ou departamento de orientación e os pais son tamén espazos para informar das medidas de atención á diversidade que existen no centro. Por outra banda, o orientador/a será o principal interlocutor con servizos externos ao centro que poidan estar atendendo ao alumno/a: servizos de carácter sanitario, servizos sociais, gabinetes psicopedagóxicos, servizos de saúde mental, equipo de orientación específico, etc. Trátase neste caso, de ofrecer unha resposta ás necesidades desde distintos ámbitos pero o máis integrada e coordinada posible.

PROTOCOLOS DE SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Exención da 2ª Lingua Estranxeira Protocolo de actuación

1. Proposta do equipo de profesores do curso anterior.
2. Conformidade por escrito do alumno e os seus pais.
3. Informe da persoa titora do curso ou etapa anterior que explicitará o motivo da medida.
4. No caso de alumnado de nova incorporación ó centro: revisión da medida na xunta de avaliación inicial.
5. Autorización da dirección do centro.

Grupos de Adquisición de Linguas

1. Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia lingüística do alumno.
2. Informe psicopedagóxico (se procede),
3. Proposta de horario de permanencia no grupo (será dun máximo de 24 horas semanais e o alumno deberá permanecer co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física, música, educación plástica e visual, así como no período de tutoría).
4. Información á familia.
5. Solicitud de autorización á Inspección por parte da dirección do centro.

Apoio do Profesorado de PT e AL

1. Solicitude do apoio por parte do profesorado indicando o motivo a través dun informe.
2. Información á familia a través do titor ou titora.
3. Proposta de apoio do departamento de orientación coa asignación horaria correspondente.
4. Información á Xefatura de Estudos.

Protocolo de elaboración das adaptacións curriculares

a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación. Nese informe debe constar o nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, achegado polo profesorado das áreas ou das materias susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado titor. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico. Neste informe deben constar as condicións que figuran na lexislación.

b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirse a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar. A xefa ou o xefe do departamento de orientación redactarán e custodiarán a acta desta reunión.

c) Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro docente teña establecido no seu Plan xeral de atención á diversidade. Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

No anexo, a modo orientativo, achéganse modelos en que concretar a adaptación das áreas ou as materias para as adaptacións curriculares.

A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo da orde, e xuntaráselle copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación curricular.

A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización farase antes da finalización do mes de novembro, agás no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizaraa o profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cos establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que está matriculado o alumno ou a alumna.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ou titulación.

A información das avaliacións que se facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.

A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo ou dun curso, en función da etapa educativa en que estea escolarizado o alumno ou a alumna.

Calquera modificación que se realice referida aos elementos prescritivos do currículo da adaptación curricular autorizada requirirá unha nova autorización por parte do servizo territorial de Inspección Educativa.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro docente e logo da súa solicitude, unha copia da adaptación curricular autorizada.

PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O seguimento da concreción anual do Plan Xeral de atención a diversidade será realizada tendo en conta a Avaliación inicial do principio de curso revisando as conclusións do curso pasado e as circunstancias actuais.

Avaliación durante o curso para ir incorporando posibles axustes.

Todo o proceso de avaliación terá en conta:

- Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado que participou nas diferentes actuacións e medidas de atención á diversidade.
- Avaliación da concreción do plan anual de atención á diversidade
- Resposta ás necesidades reais do centro.
- Consecución de obxectivos
- Que as medidas fosen adecuadas e ben temporalizadas.
- Colaboración da comunidade educativa (dirección, profesorado, alumnado, familia)
- Grao de implicación dos responsables do desenvolvemento do Plan.

A finais de curso o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria aportando propostas de mellora para o vindeiro curso, estes datos incorpóranse á memoria do departamento e consecuentemente á memoria anual de centro,

Os instrumentos de recollida son intercambios orais, escalas, entrevistas análises de resultados tanto por os responsables do plan como os destinatarios.

DOCUMENTOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

Autorización dos pais das medidas de atención a diversidade

Autorización das familias para a avaliación psicopedagóxica

Modelo de solicitude de intervención do Departamento de Orientación por parte do profesorado

Modelo de autorización da flexibilización do período de escolarización

Documento de proposta de exención da segunda lingua estranxeira.

Documentación de proposta para o Programa de FPB

Documento de elaboración de ACS e informe de avaliación final da ACS.

Modelo de informe do apoio de PT e de AL.

Consello orientador.

Protocolo de absentismo e documentación.

Todos os protocolos facilitados pola Consellería de Educación para atención a diversidade.